

Estimadas familias

O venres 12 de novembro publicouse no Diario Oficial de Galicia, a orde que regula o procedemento de distribución de máscaras nas escolas entre o alumnado de Educación Primaria e Secundaria. Segundo o indicado na mesma, terá dereito a recibir estas máscaras **sen necesidade de facer ningún trámite, todo o alumnado que foi beneficiario das axudas de material escolar deste curso 21/22.**

Ademáis, poderá facer solicitude aquel alumnado que, non sendo beneficiario das axudas de material do curso 21/22, cumpla polo menos un destes dous requisitos:

-Pertenza a familia con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€.

-Ter unha discapacidade igual ou superior ao 65%

O impreso de solicitude (un por familia) deberá entregarse na secretaría do Colexio segundo o formulario "Anexo I" ata o 26 de novembro acompañado de:

-Copia do libro de familia

-Anexo II (comprobación de datos de membros computables da unidade familiar)

-Certificado de discapacidade (de ser o caso)

Unha vez rematado o proceso de solicitude, enviaremos información ás familias solicitantes a través de correo electrónico, sobre a concesión ou non da mesma.

Unha aperta

*Avda. Aeroporto, 734. 36318 Vigo • Telfs. 986 28 80 95, preescolar: 986 48 61 07 • Fax: 986 28 80 48
e-mail: info@colexiomartincodax.com • Código do Colexio: 36010095*